

Texto e ilustracións: **FERNANDO KRAHN**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas. Ilustracións a todo color.

Dispoñible en:

- Galego: "Hilderita e Maximiliano"  
Demademora. ISBN 978-84-8464-230-5
- Castelán: "Hilderita y Maximiliano"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-933759-0-4
- Portugués: "Ildinha e Maximiliano"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-24-8

Prezo: 13 €



## HILDERITA E MAXIMILIANO

**Éranse unha vez dúas xoaniñas: Hilderita Maximiliano, que se coñeceron na copa dun chapeo de copa. Os dous gustáronse moito. Así que un bo día decidiron casar e foron voando polos aires. - ¡A onde imos? - dixo Maximiliano.**

**- Á Lúa - contestoulle ela. E empezaron a súa viaxe...**

Estamos ante unha nova versión, a toda cor da entrañable obra de Fernando Krahn, "Hilderita and Maximilian", publicada por primeira vez en Estados Unidos en 1968. Unha historia tenra e sinxela, sobre o amor e a familia, co trazo limpo, a dozura e o humor intelixente que caracteriza a obra do inesquecible autor e ilustrador.

Na colección DEMADEMORA tamén se atopa a obra "Pegadas xigantes". O selo Libros de la Mora Encantada reeditou outro dos seus traballos: "Cuenta que te cuento".

**FERNANDO KRAHN** (Chile, 1935-Sitges, 2010)

Un dos máis grandes mestres internacionais do humor gráfico. Caricaturista, ilustrador, fotógrafo, viviu en Chile e Nova Iorque (1963-68). Dende o golpe de estado no seu país, en 1973, instalárase en Sitges. Colaborou con revistas e xornais de todo o mundo: The New Yorker, Herald Tribune (USA), Die Zeit, Stern (Alemania), La Repubblica (Italia), La Vanguardia e El País.

Publicou máis de 30 libros para nenos en Estados Unidos, máis dunha vintena en España, ademais de coleccións de caricaturas en varios países; realizou series de debuxos animados para televisión. O seu traballo foi recompilado nos principais museos de tiras cómicas e caricaturas (Barcelona, Basilea, Santiago).

Fernando Krahn seguiu unha tendencia que nos revela temas cotiás cultivando unha liña crónica do humor negro, a crítica social, mesturando temas sobre a ciencia, a ciencia ficción e as traxedias do noso tempo. Realiza cadros que reflicten unha realidade habitual combinando o trágico, o cómico, o irónico e o absurdo.

- **Temática:** a familia, o amor
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** fábula; sinxeleza estética; outros libros de Fernando Krahn, "Pegadas xigantes" (KALANDRAKA).

